

## **AER CALIFICA DE INCOMPETENTE AO GOBERNO LOCAL Á HORA DE RENOVAR O REGULAMENTO DE CONSELLOS PARROQUIAIS**



Setembro foi o mes no que por enésima vez o goberno local ía presentar a proposta definitiva do regulamento de consellos parroquiais. O Sr. Ballesteros no pleno do 27 de xullo de 2017 así o afirmou e xa pasado o mes de setembro a veciñanza de Redondela volve a non saber absolutamente nada do estado deste proceso.

Máis de dous anos de mentiras arredor dunha suposta vontade de mellorar o regulamento de consellos parroquiais que o goberno local leva ralentizado intencionadamente para así perpetuar un regulamento elaborado polo anterior bipartito, moi mellorable, e que lle vale ao goberno local actual para perverter diferentes consellos parroquiais, tal como foi o caso do de Cesantes no seu día ou recentemente o de Chapela desvirtuando a súa funcionalidade unha e outra vez, con algúns dos seus concelleiros-presidentes dirixíndoos ao seu antollo e graza.

Dende AER xa non nos cremos nada respecto ao fomento polo goberno local da participación cidadá, todo o contrario, convertéronse nuns expertos en poñer trabas e adoptar posturas radicais expulsando nun intolerable abuso de poder á veciñanza que desexa asistir como público aos consellos parroquiais.

A Agrupación de Electores, farta destas mentiras e da prolongación continua de prazos á hora de presentar unha proposta de consenso de regulamento de consellos parroquiais, non conta con que o actual goberno dea conta desta encomenda. Vista a eficiencia demostrada polo partido popular neste senso, só queda esperar a que vindeiros gobernos locais retomen este regulamento e leven a bo porto a súa moi necesaria reforma para facelo máis participativo e xusto.

Redondela, a 3 de outubro de 2017